



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS “O PEIRAO”

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Susana Rodríguez Carballo, Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, actuando en exercicio da competencia que ten delegada en virtude do disposto na Orde do 8 de setembro de 2017 da delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, nas direccións xerais e xefaturas territoriais e na Presidencia do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia (DOG nº 180).

E doutra parte, a entidade Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao”, NIF: G 15969868, representada por Verónica Veres Tasende (DNI 79330819R), presidenta da Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao”, en virtude dos artigos 22 e 23 dos seus estatutos, inscritos no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e

EXPOÑEN

Primeiro

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de confrarías de pescadores segundo o artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española e co Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado a Galicia en materia de agricultura e pesca.

Segundo

Que a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” para o cumprimento dos seus fins sociais goza de plena personalidade xurídica e de autonomía funcional e económica, sen ánimo de lucro e actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración na defensa e promoción do sector, sendo o seu obxecto a conservación, divulgación do traballo artesanal das redeiras, a loita contra o intrusismo profesional, o fomento da prevención de riscos laborais, co fin de evitar e diminuír os riscos laborais derivado do traballo, a promoción da igualdade entre homes e mulleres así como a promoción da participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social das asociacións profesionais de redeiras que a integran.

Terceiro

Que a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” está inscrita no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de rexistro 00/008/2012/C en data 13.08.2012.



Cuarto

Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 (Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019) figura, no capítulo VII, Transferencias de Capital, a dotación orzamentaria 15.03.722A.781.0, proxecto 2014 00639, destinada a financiamento de investimentos da Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao”.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” (en adiante beneficiaria) co fin de financiar os investimentos realizados por esta institución sen ánimo de lucro para levar a cabo unha acción formativa dirixida as súas asociadas co obxecto de que adquiran coñecementos dixitais suficientes a fin de facilitarlles o desenvolvemento nas súas relacións electrónicas cos diferentes organismos públicos e privados que interveñen no seu ámbito profesional.

Os obxectivos son: promover una formación permanente e continúa no sector das redeiras; achegar o mundo das redeiras, un oficio artesanal, ao mundo das novas tecnoloxías; fomentar novas oportunidades formativas como un modelo de empoderamento; e, finalmente, fomentar a búsqueda dun mellor “status” socio-laboral.

SEGUNDA. Finalidade da subvención

A Federación de Redeiras Artesás “O Peirao” vai desenvolver un proxecto consistente na realización dunhas xornadas sobre informática, internet e comunicacións electrónicas, para que as mulleres se adapten os novos tempos e poidan xestionar por elas mesmas, de maneira sinxela e eficaz, a súa relación coas novas tecnoloxías, co obxecto de facilitarlles o uso do material informático e afianzar os seus coñecementos sobre internet. É dicir, axudarlles a desenvolverse na presentación de documentos vía electrónica ante os diferentes organismos públicos e privados, compras “online”, banca electrónica, etc; en definitiva, darlle as redeiras novas ferramentas para unha mellor xestión do seu negocio.

Para iso, coa denominación “CONTINUAMOS NAS REDES”, preténdese desenvolver o proxecto mediante unha actividade formativa de seis xornadas, cunha duración aproximada de cinco horas cada unha, cos seguintes contidos:

- Sistema operativo windows.
- Word: edición de textos
- Powerpoint: ¿cómo realizar unha presentación?
- Excell: Elaboramos tablas e follas de cálculo.
- O mundo en Internet: realización de trámites ante os diferentes organismos, banca electrónica, compra online, redes sociais, seguridade na rede....

Trátase de chegar o maior número de persoas posible e reforzar coñecementos mediante unha formación continuada no tempo.



TERCEIRA. Importe e contía da subvención. Gastos subvencionables

A Consellería do Mar achegará un importe máximo de tres mil euros (3.000 €) que se financiará con cargo á partida orzamentaria 15.03.722A.781.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019. Os gastos imputables son aqueles realizados pola beneficiaria para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio descritos na cláusula segunda, co límite máximo de **3.000 €**.

CUARTA. Concorrencia de subvencións

O importe da subvención percibida para este investimento non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo da inversión aquí proposta. Ao efecto de poder comprobar tal extremo nas xustificacións de pagamento debe presentarse declaración das axudas solicitadas e concedidas coa mesma finalidade.

QUINTA. Obrigas do beneficiaria

A beneficiaria, comprométese a:

1. Dedicar integramente o importe desta axuda á adquisición dos bens e á realización das accións descritas na cláusula segunda deste convenio.
2. A poñer en coñecemento da Consellería do Mar calquera incidencia que afecte á realización dos investimentos, proporcionando canta información sobre as accións obxecto deste convenio lle sexa requirida.
3. Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, consonte ao disposto no artigo 40.1 h) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (en adiante Regulamento da Lei 9/2007).

Ademáis son obrigas da beneficiaria todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

A beneficiaria da axuda consente expresamente a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvención de Galicia.

A concesión da subvención implica a autorización, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEXTA. Publicidade da subvención

1. A beneficiaria, consonte ao disposto no artigo 20 do Regulamento da Lei 9/2007, deberá dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento.



2. A beneficiaria deberá incluír nos documentos impresos o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial, sen prexuízo de que a beneficiaria incorpore o seu propio escudo ou logotipo.

3. Sen prexuízo do previsto no artigo 20 do Regulamento da Lei 9/2007, o incumprimento da obriga da beneficiaria de dar a adecuada publicidade do financiamento será causa de perda do dereito ao cobramento da subvención. Se é o caso, será tamén causa de reintegro das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que correspondan, de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, en relación co artigo 33.d) da dita norma, e seguirase o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

SÉTIMA. Forma de pagamento e xustificación da subvención

A Consellería do Mar, ao abeiro do establecido nos artigos 62 e 63.1 do Regulamento da Lei 9/2007, efectuará o libramento da axuda ao ritmo de execución e xustificación do gasto e, en todo caso, mediante a presentación da seguinte documentación, **antes do 16 de novembro de 2019:**

Memoria económica xustificativa para os gastos con cargo á partida orzamentaria **15.03.722A.781.0**, que incluírá:

a. Relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final o total dos gastos. Esta relación estará conformada polo secretaria da Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao”, co visto e prace da súa presidenta.

Tanto a presentación das facturas, como os xustificantes do seu pagamento, deberán achegarse á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A súa relación ordenada é requisito imprescindible para á tramitación do mencionado pagamento, devolvéndose toda xustificación que non cumpra con estes requisitos.

Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Regulamento da Lei 9/2007. Os orixinais serán devoltos cando se comprobe a xustificación do gasto.

b. Declaración responsable, expedida polo órgano competente da entidade, de cada gasto realizado indicando que teñen relación co obxecto do convenio.

c. Declaración responsable, expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade concedente, data e importe total percibido.

De acordo co establecido no artigo 62 do Regulamento da Lei 9/2007, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

- Pagamentos consonte ao artigo 62 do Regulamento da Lei 9/2007: mediante pagamentos parciais unha vez xustificadas os gastos comprensivos de polo menos o 25% do importe do convenio, por parte da beneficiaria.

- A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% **é o 16 de novembro de 2019.**



De conformidade co previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

OITAVA. Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

NOVENA. Normativa de referencia

Todas as actuacións de xestión de actividades do obxecto deste convenio, estarán suxeitas á normativa vixente en materia de axudas e subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e polo seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009 ,do 8 de xaneiro e por calquera outra de aplicación.

DÉCIMA. Comisión de seguimento

O seguimento e control do establecido no presente convenio realizarase por unha comisión de seguimento formada pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, polo/a subdirector/a xeral de xestión, ensino e relacións sectoriais, e pola presidenta e a secretaria da beneficiaria.

UNDÉCIMA. Resolución de controversias

En caso de controversias sobre a interpretación e aplicación das cláusulas deste convenio, estas resolveranse pola comisión prevista na cláusula anterior.

No caso de que subsista o desacordo, dita cuestión controvertida someterase ao coñecemento da Xurisdición Contenciosa Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DUODÉCIMA. Transparencia e bo Goberno na Administración Pública Galega

De conformidade co establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio, e no restos das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 da antedita Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións, atoparanse obrigadas a subministrarlle a Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento, por aquela, das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

Asemade, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do



disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo e no 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMA TERCEIRA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria, polas prestacións que se deriven deste convenio.

DÉCIMO CUARTA- Vixencia e efectos

A duración do presente convenio alcanza ata o dezaseis de decembro de dous mil dezanove sen posibilidade de prórroga.

E, en proba de conformidade, cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería do Mar

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

Pola Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao”

A presidenta

Verónica Veres Tasende